

## 34. Os blogs de Introducción á Arquitectura na implantación do título de grao

**José Ramón Alonso Pereira, Miguel Abelleira Doldán,  
Enrique M. Blanco Lorenzo, Juan Antonio Caridad Graña,  
Antonio Santiago Ríos Vázquez, Patricia Sabín Díaz**

Grupo de Investigación en Historia da Arquitectura. Universidade da Coruña. Edificio de departamentos adscritos á ETSAC. Campus da Zapateira s/n. 15071 - A Coruña  
iala.udc@gmail.com

### **Resumo**

De modo experimental, realizouse un proxecto de innovación docente empregando blogs como ferramenta de ensino virtual na materia *Introducción á Arquitectura*. Os blogs convertéronse nun espazo esencial para o alumno, incentivando o seu interese pola materia e favorecendo a súa aprendizaxe a través da propia autoxestión. O proceso e os resultados obtidos xustifican o papel destas ferramentas cara a consecución do principal obxectivo da materia: aprender a saber ver e a saber entender a arquitectura.

### **Palabras chave**

Docencia, arquitectura, EEES, Web 2.0, blog

### **Antecedentes**

En outubro de 2009 plantexouse un proxecto de innovación docente na Universidade da Coruña por parte dun grupo de profesores pertencentes o Departamento de Composición, os cales imparten a materia de primeiro curso da titulación en Arquitectura *Introducción á Arquitectura* e forman parte do *Grupo de Investigación en Historia da Arquitectura*, un grupo que ten como unha das súas liñas fundamentais de investigación a aplicación das TICs ó ensino da historia do urbanismo, a arquitectura e o deseño industrial.

O grupo de profesores posuía daquela tres anos de experiencia con blogs aplicados á docencia cunha alta valoración por parte do alumnado da materia e incluso por outros membros da comunidade universitaria seguidores da proposta. Considerabamos que o blog se convertira nunha ferramenta esencial para a comunicación, a análise e a crítica dentro do curso polo que, aproveitando a

oportunidade que supuña a implantación do novo grao en arquitectura (prevista para o curso 2010-11), decidimos consolidar os blogs de *Introducción á Arquitectura* como unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento da materia.

Os obxectivos xerais do proxecto eran os seguintes:

- Favorecer o desenvolvemento do Plano Estratéxico da UDC.
- Contribuír á implantación dos novos títulos de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña.
- Mellorar a calidade docente nos niveis do ensino superior.
- Contribuír a difundir unha cultura da calidade e da mellora continuada na universidade.

O feito de que o curso 2009-2010 fora o derradeiro ano académico antes da implantación do Grao en Arquitectura na UDC resultaba de gran interese para plantexar propostas experimentais sobre situacións que se producirían no inminente Espazo Europeo de Educación Superior e, especialmente, sobre o tratamento do ensino non-presencial e a titorización virtual dos estudantes dentro da materia.

A materia *Introducción á Arquitectura* contou no curso 2009-2010 con 292 alumnos, repartidos en catro grupos cunha media de 73 alumnos por grupo. Dos alumnos totais, 200 eran alumnos de nova matrícula que iniciaron no 2009 os seus estudos universitarios. O perfil en canto a coñecemento e manexo de novas tecnoloxías foi moi diverso, aínda que a maioría empregaba as ferramentas da *Web 2.0* con asiduidade.

### **Obxectivos**

O proxecto de innovación docente tiña os seguintes obxectivos xerais:

- Desenvolvemento e consolidación de blogs como ferramentas fundamentais na docencia non presencial e a titorización dos estudantes.
- Elaboración de material didáctico mediante a análise e a xestión dos recursos multimedia dispoñibles na *Web 2.0* por parte de alumnos e docentes.
- Integración de profesores e alumnos nun espazo virtual –os blogs da materia– de comunicación e transmisión de coñecementos en continuidade cos obxectivos docentes da propia materia.

Procurouse lograr os obxectivos descritos anteriormente a través dun conxunto de seis accións ou actividades:

1. Consolidación do blog da materia como un auténtico espazo docente non presencial: xestionando académicamente contidos e referencias

- e promovendo a xeración de novos contidos como unha práctica máis da propia materia.
2. Procura dunha participación masiva por parte do alumnado na experiencia, da cara a unha posible obrigatoriedade no seu uso.
  3. Consideración do blog como unha verdadeira ferramenta de titorización e seguimento do alumnado, entendendo que a intervención do profesor debe ter un carácter preciso e directo. Non se trata dunha ferramenta propia do profesorado senon dunha ferramenta que todos –profesores e alumnos– utilizarán como punto de encontro. Integrar ós alumnos como autores e xestores debería, por unha parte, facelos sentir partícipes dun mesmo fin, pero ó mesmo tempo, diferenciarse da condición de participación docente, moito máis orientada e afinada para alentar a sensibilidade e a capacidade crítica en relación á materia.
  4. Implicar na elaboración dos blogs tanto ós alumnos actualmente matriculados na materia como ós ex-alumnos da mesma, que poden aportar unha valiosa colaboración de forma voluntaria ou como bolseiros.
  5. Realización dun blog propio independente dos formatos gratuítos que se empregan na actualidade (*Blogger*, *Wordpress*...) que sirva dun xeito máis adecuado ós obxectivos das materias en canto a creación, xestión e publicación de contidos. Para isto precisaríamos persoal cos coñecementos técnicos necesarios sobre informática e deseño web.
  6. Xeración de publicacións cos resultados finais da experiencia, con publicación en formato físico e *on-line*.

### **Consecución dos obxectivos**

Pódese afirmar que se acadaron os obxectivos xerais previstos xa que o blog converteuse na ferramenta fundamental de apoio á docencia fóra da aula, ó tempo que serviu para prolongar a acción titorial máis aló das horas presenciais, xa que xunto ó correo electrónico foi o medio máis empregado para expoñer dúbidas ou apuntamentos sobre aspectos tratados na clase. Isto pódese observar nos diversos comentarios que aparecen nas entradas.

Do mesmo xeito, o blog da materia serviu para elaborar material didáctico sobre diversos temas, entre os que podemos sinalar o enunciado das prácticas do curso, a descrición das visitas ou exercicios plantexados directamente no blog, como análises de textos relacionados co temario. Para elaborar este material, tanto os alumnos como os profesores empregaron un gran abano de recursos multimedia dispoñibles na *Web 2.0*: imaxes, vídeos, presentacións *on-line*... que quedan recollidos nas entradas do blog e son agora accesibles a todos.

Finalmente, o blog, desdoblado en tres blogs específicos interrelacionados: *Xeral, Prácticas e Envido* (este último unha proposta experimental de ensino non presencial encadrada dentro dun Grupo Departamental de Calidade), cumpriu o obxectivo de ser o espazo virtual de integración de profesores e alumnos, aberto incluso máis aló da comunidade universitaria. Un lugar onde se difunden coñecementos en continuidade cos obxectivos docentes da propia materia.

### **Indicadores**

Datos sobre o emprego do blog no curso previo a implantación do grao:

Blog xeral da materia: <http://iala0910.blogspot.com/>

Autores: Profesores e alumnos. (Invitouse a participar a alumnos que obtiveron as mellores calificacións nas primeiras prácticas ou que solicitaron participar voluntariamente)

Entradas: 40

Entradas de profesores: 23

Entradas de alumnos: 17

Comentarios realizados sobre ás entradas: 102

Seguidores mediante *RSS*: 32

Blog de prácticas da materia: <http://iala0910p.blogspot.com/>

Autores: Profesores

Entradas: 17

Comentarios realizados sobre ás entradas: 34

Seguidores mediante *RSS*: 25

A inclusión dun sistema de estatísticas na propia ferramenta permitiu saber tamén o número de visitas da páxina, acadando cifras moi salientables para unha páxina de carácter académico: 3.800 visitas no blog xeral e 2.000 no blog de prácticas (recollidas en xaneiro de 2011, xa finalizado o curso).

### **Resultados**

1. Consolidación do blog da materia. Realizáronse máis de 50 entradas ó longo do curso e máis de 100 comentarios.
2. Publicouse o enunciado da totalidade de prácticas da materia no blog de prácticas baixo a etiqueta Prácticas.
3. Publicáronse os enunciados das prácticas, información sobre saídas, exposicións e outras actividades de interese relacionadas coa materia, ademáis de todas as aportacións realizadas por alumnos sobre temas tratados na aula.
4. Para lograr a participación masiva invitouse a participar no blog ós alumnos que obtiveron unha mellor calificación nas primeiras prácticas do curso como autores de entradas. Houbo alumnos que solicitaron participar no blog como autores por iniciativa propia. En varios temas comezados a analizar e debater en clase pediuse ós

- alumnos que continuaran o debate no blog, e así o fixeron. Finalmente buscou a complicidade do alumno a partir de preguntas no blog relacionadas co temario e que se responderon dun xeito voluntario (As entradas denominadas Notas ó marxe).
5. O blog serviu como unha prolongación da acción tutorial presencial onde os alumnos realizaron diversos comentarios e consultas sobre a materia. Estas aportacións quedan accesibles ó resto do alumnado que pode plantexar temas similares.
  6. Logrouse a participación no blog de dous alumnos que non cursaban a materia dun xeito totalmente altruista: Nun caso tratábase dun alumno que a cursou o ano pasado e que fixo varias entradas relacionadas coa súa experiencia posterior nos estudos (Rafael Cubillo) e noutro caso tratábase dun alumno de intercambio da Robert Gordon University de Aberdeen (Escocia) que tampouco cursaba a materia pero realizou unha entrada en inglés relacionada con temas tratados en clase (Scott Bruce Doig).

### Referencias bibliográficas

Alonso, J. R.; Río A. y Blanco, E. (2008). La web 2.0 en la enseñanza de Introducción a la Arquitectura. Recuperado 23 septiembre 2011, desde <http://dugi-doc.udg.edu/handle/10256/906>.

Dans, E. (2009). Educación online: plataformas educativas y el dilema de la apertura. *Revista de Universidad y Sociedad del Conocimiento (RUSC)*, 6(1), 22-30.

Fernández, J. (2011). Arquitectura en el Universo online. *@tic. revista d'innovació educativa* nº 6.

Freire, J. (2009). ¿Cómo matan las universidades la posibilidad de innovación?: Software libre para educación propietaria. Recuperado 26 febrero 2011, desde <http://nomada.blogs.com/jfreire/>.

Freire, J. (2011). Políticas y prácticas para la construcción de una Universidad Digital (La Cuestión Universitaria). Recuperado 26 febrero 2011, desde <http://nomada.blogs.com/jfreire/>.

González, R. y García, F. E. (2010). Propuesta de un modelo de medición del desarrollo de los blogs educativos. Una aplicación empírica al sistema educativo español. *Revista de Formación e Innovación Educativa Universitaria*. Vol. 3, Nº 1, 8-20

Rodríguez, J. (2011). Repensar la Universidad: el aprendizaje colaborativo y las redes de creación de conocimiento compartido. Recuperado 26 febrero 2011, desde <http://www.madrimasd.org/blogs/futurosdelibro/>.